



## **TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO NA PISCINA MUNICIPAL.-**

### **ARTIGO 1º.- CONCEPTO**

En conformidade co previsto nos artigos 20 a 27 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o Concello de Paderne establece a taxa pola presentación do servizo público pola utilización da piscina municipal, que se rexerá pola presente Ordenanza.

### **ARTIGO 2º.- OBRIGADOS Ó PAGAMENTO**

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza os que se beneficien dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello sinalados no artigo anterior.

### **ARTIGO 3º.- NON OBRIGADOS Ó PAGAMENTO**

Estarán exentos do pagamento a utilización da piscina con motivo de competicións organizadas por iniciativa do Concello ou patrocinadas polo Concello. O patrocinio será sempre obxecto de previo acordo do Pleno do Concello ou resolución do Sr. Alcalde.

### **ARTIGO 4º.- CONTÍA**

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada na tarifa contida no apartado seguinte, para cada unha das distintas actividades.

2. A tarifa desta taxa será a seguinte:

2.1.1.- Abono individual temporada (persoa con 6 anos cumpridos e menor de 18 anos) .....12 €

2.1.2.- Abono individual temporada (persoa con máis de 18 anos) .....18 €

2.1.3.- Abono familiar temporada (expedirase a tódalas familias que o soliciten, a efectos da presente ordenanza enténdese como tal, as persoas que unidas por un vínculo de parentesco que vivan no mesmo domicilio. A tal efecto é necesario xustificalo perante o Concello de Paderne de maneira que faga fe .....36 €

2.2.- Non abonados.

Entrada



2.2.1.- Con 6 anos cumpridos e menor de 14 anos .....1,80 €

2.2.2.- Maiores de 14 anos .....3 €

2.3.- Cursos de tempada

Establécense dous tipos de curso, que se realizarán na piscina municipal:

- Cursos de natación para menores de 14 anos: -----6 €curso completo.
- Cursos de natación para maiores de 14 anos: .....12 €curso completo.

#### **ARTIGO 5º.- OBRIGA DE PAGAMENTO**

1.- A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace desde que se preste ou se realice calquera dos servizos ou actividades especificadas no artigo anterior.

2.- O pagamento do prezo público efectuaráse no momento de entrar no recinto da piscina municipal.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da publicación da aprobación definitiva, no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.